

# **AXUDAS PARA A CONTRATACION DE PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS 2025**

2025-05-21

No día de hoxe saíron as axudas da Xunta que van dirixidas ás empresas que contraten persoas menores de 30 anos desempregadas mediante contratos de formación en alternancia ou contratos para a obtención da práctica profesional, tanto para novas contratacións como as feitas dende o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025. A duración deberá ser como mínimo de 12 meses e a xornada completa. Estas axudas consisten nun incentivo pola contratación que pode ir dende 9.975 euros ata 16.625 euros segundo o grupo de cotización do traballador.

Estas axudas estarán vixentes ata o 30 de setembro de 2025.